



Confederación Intersindical Galega

O CONCELLO DE FERROL SEGUE FACENDO DAS SUAS

A Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Ferrol, quere por en coñecemento dos usuarios/as do servizo de axuda a domicilio que veñen desenvolvendo as empresas Asociación DYA e a empresa SERVIASISTENCIA, así como da cidadanía en xeral, as “irregularidades”, por non chamarlles nada peor, cometidas polo Goberno Municipal do PSOE.

Dende a Federación de Servizos queremos dicir que nos parecen lamentables, e cando menos vergoñentas, as prácticas ilegais que o Concello de Ferrol ven facendo.

Para comezar, o pliego realizado polo Concello para a contratación de empresas para axuda a domicilio é ilegal, aínda por riba, non fala de cómo se van a facer as subrogacións, cando van a ser, nin como nin con quén... e para colmo a asociación DYA disolverase o vindeiro 30 de xuño deixando a 54 persoas nunha situación de incerteza sobre o seu futuro laboral. A 10 de xuño as traballadoras/es non saben qué empresas van a entrar, cando e como se vai a facer. É dicir, o futuro das traballadoras/es é incerto dado que non saben o que vai pasar a partires do 30 de xuño.

Este Concello enviou cartas ós usuarios decíndolles que escolleran a empresa que preferisen dunha lista da que non sabemos quen decidiu a orde de colocación. É mais, a Concelleira María López apareceu nos medios de comunicación o venres pasado, decindo que estaba moi contenta có resultado das “enquisas” e que xa lle dera traslado ás empresas. Casualmente, hai unhas semanas cando se lle preguntou no Pleno Municipal po-las cartas, excusouse dicindo que fora un erro.

O que pretendían con isto non o sabemos (cada quen que saque as súas conclusións), pero o que conseguiron a parte de molestar ós usuarios/as, foi poñe-los nerviosos e disgusta-los gratuitamente.

O noso sentir é que o PSOE está de broma, que tenta tomarnos por tontos e que a parte depretender rirse das traballadoras o fannos de tódolos usuarios/as, das súas familias e da cidadanía en xeral. Sobre todo, cando é ben sabido, que ós usuarios/as danlles igual as empresas, o que queren é que os siga a coidar a súa auxiliar de sempre.

Dende a Federación de Servizos da CIG-Ferrol facemo-nos cando menos, varias preguntas:

¿Qué vai pasar cos usuarios/as a partires do 30 de xuño? ¿Quén os vai atender?

¿Qué vai pasar cos traballadores /as? ¿Cál vai ser o seu futuro laboral?

Agardamos que o Concello de Ferrol se poña a traballar, que se deixe de tonterías que non afectan á clase traballadora, arranxe os estropicios que fixo e asuma as súas responsabilidades dunha vez e polo ben de todos.

Dende a Federación de Servizos da CIG-Ferrol, dicir tamén, que tomaremos as medidas que consideremos oportunas para mudar desta situación de indefensión que están apadecer os traballadores/as.

¡¡A LOITA CONTINÚA!!